

Anuncio de aprobación do padrón da taxa pola utilización dos servizos da axuda no fogar abril 2026

Mediante resolución de alcaldía de data 8 de setembro de 2026 aprobouse o padrón do servizo de axuda no fogar abril 2026

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns e expóñense ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 15 de setembro de 2026 ao 16 de novembro de 2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e deveseñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Brión, na data de sinatura dixital

O alcalde